

Bring the war home*?

Traducido da web
www.finimondo.org

Nos anos 70 eran os revolucionarios os que querían traer aos barrios das cidades occidentais a realidade da guerra en curso alén do planeta, co fin de «desvelar as contradicións do imperialismo». Todo comezou en outubro 1969 cos días de rabia organizadas en Chicago polos Weathermen, cando centos de manifestantes desfilaron polas rúas da cidade atacando tendas, danando coches, enfrontándose coa policía. A idea que estaba detrás desta iniciativa era simple: mentres o exército yankee bombardeaba Vietnam, queimando homes, mulleres e nenos con napalm, os cidadáns das metrópoles esta-

dounidenses non podían seguir vivindo na comodidade e a indiferenza. Eles tamén tiñan que perder a súa tranquilidade, para comprender o que estaba a ocorrer, para entender a súa responsabilidade.

A separación xeográfica entre o lugar onde había a guerra e onde esta preparábase, organizaba e decidía, púidose de tal maneira eliminar. Para os revolucionarios occidentais a única maneira de enfrontarse á guerra que o capitalismo exportaba era a de atacar ao capitalismo na súa propia casa – creando a desorde en casa.

Desde aquela época pasou case medio século. Eliminada toda oposición, o capitalismo triunfou por todas partes. Pero a gue-

rra non concluíu e, pola contra, foi xeralizándose e podrecéndose cada vez máis. É unha guerra interna, unha guerra entre forzas rivais en competencia para o control dos mercados, dos recursos, da man de obra, a que está ensanguentando o planeta. Hoxe en día non son xa os revolucionarios, os inimigos do capitalismo, os que traen a guerra a casa. Non, son os sicarios dalgún poder – os únicos xa que seguen alí. Quedaron só eles dicindo que, se os exércitos occidentais bombardean e masacran en oriente, entón os habitantes das metrópoles estadounidenses e europeas non poderán seguir vivindo na comodidade e a indiferenza. Eles tamén teñen que perder a súa tranquilidade. De que

maneira foi posible velo onte en París e hoxe en Bruxelas.

Non hai ningunha zona libre nesta guerra entre dominadores e aspirantes en selo, cuxa espiral nos está envolvendo a todos. E tampouco existe unha trincheira que non estea chea de infamia. Polo menos non entre aquelas xa escavadas. A pesar de non ser inmunes ao lume cruzado e de estar atormentadas por miles de dificultades, persisten aínda as manchas de vexetación, as selvas escuras alcanzadas polos desertores do vello mundo coa esperanza de vivir en paz.

Ou coa intención de mover a súa propia guerra.

*Ndt: Traer a guerra a casa.
Lema utilizado polos *Weathermen*.

Neste número

Novas:

Comunicado ante o xuízo polo desaloxo do GSO Palavea [...]

Opinión:

Desmontando o andamio – Algunhas reflexións persoais tralo xuízo contra Mónica e Francisco [...]

Reseñas:

Partisanas: A muller na resistencia armada contra o fascismo e a ocupación alemá (1936-1945) de Ingrid Strobl



Comunicado ante o xuízo polo desaloxo do CSO Palavea

Difundimos este comunicado publicado a finais do mes pasado

O próximo 30 de marzo vaise celebrar o xuízo contra o Centro Social Okupado de Palavea. Se fai dous anos desaloxaronnos nun xuízo civil cheo de irregularidades e sen posibilidade de defensa ao non abonar os 70 000€ solicitados da caución (unha especie de garantía inventada para o desaloxo express dos okupas) agora vaise a celebrar o xuízo penal, no que imputan a varias

persoas un delito de usurpación máis o pagamento dunha responsabilidade civil de 30 000€, por unha suposta perda de beneficios do novo dono. Os datos demostran que o investimento non lle saíu tan pouco rentable como di, adquiriu o inmoble por un millón e medio de euros cando o anterior comprador (Valery Karpin) pagara 7 millóns.

Este centro social serviu durante casi 3 anos de dinamización o esquecido barrio de Palavea, un dos máis desatendidos da cidade, realizando todo tipo de actividades: reunión de xogos para crianzas, palestras, concertos, skate-park, talleres e obradoiros (ioga, teatro, boxeo, guitarra,

etc.), xantadores veganos, asembleas, biblioteca... e festivais que tiveron unha gran afluencia como o Tattuo Circus, o Maroma Fest ou o Hack Meeting. Traballo que se puido desenrolar polo esforzo completamente gratuito de tódolos membros do espazo, demostrando que é posible a autoxestión e organizarse o marxe da lóxica de mercado.

Tras o desaloxo, o novo propietario asegurou que a súa intención era edificar un xeriátrico privado no que se coidarían aos nosos anciáns... a condición de que teñamos o diñeiro necesario para financiar tan caro e lucrativo negocio. O certo é que ata datas recentes non comeza-

ron obra algunha, demostrando que o fin da compra foi esencialmente especulativo.

No movemento okupa xa estamos afeitos á represión por autoorganizarnos ó marxe das institucións, esta vez non vai ser menos, pídenos unha pena desproporcionada para que serva de escarmento ós futuros proxectos afíns da cidade. A pesares diso, nós seguiremos a pé de rúa contra vento e marea, a súa represión non nos calará.

¡NON Á REPRESIÓN DOS MOVEMENTOS SOCIAIS!

¡UN DESALOXO, OUTRA OKUPACIÓN!



Veciños de Ferrolterra reclaman o monte Cha como espazo comunal

Info tirada de Galiza Confidencial

Un grupo de veciños realizou unha «ocupación activa» do monte Cha cunha acción na que se plantaron especies autóctonas. O monte Cha sitúase no cumio da montaña entre a entrada da ría de Ferrol e o val de Doniños. Conta con 230 hec-

táreas que na actualidade están xestionadas polo Concello de Ferrol. Unha situación que non lle gusta aos veciños de varias parroquias que consideran que este espazo arbóreo é deles.

Por iso, a Asociación Montes Veciñais do Cha realizou este sábado unha «ocupación activa» nos Montes do Cha (Ferrol) para reivindicar este espazo como monte veciñal. A veciñanza de Brión e San Román de Doniños leva décadas loitando polo monte de seu e por iso organizaron esta acción, co obxectivo de im-

plicar á cidadanía na defensa do carácter comunal dese monte.

A súa acción consistiu na plantación de acivros, carballos e outras árbores autóctonas, nun acto no que non faltou a música, un xantar e refrixerios para os que colaboraron con esta ocupación simbólica e temporal dun monte veciñal. A comunidade veciñal quere que o seu monte teña a mesma condición que outros tantos 3.000 montes veciñais en man común en Galicia, no que a propiedade do monte recae nos veciños e

veciñas que residen de forma habitual nese territorio. Así, din, poderían autoxestionar o monte dunha forma sustentable e entre todas as mans.

«Apoiar este encontro supón acreditar no potencial desta comunidade veciñal, que leva moito tempo traballando en común e de forma activa pola recuperación dun monte que no pasado, dende tempos inmemoriales, era propiedade da comunidade veciñal do lugar», sinalan.

PIM PAM PUM! Violaçom impune em Compostela

Comunicado do colectivo Conas Ceives :

O xulgado de Compostela acava de emitir umha sentença que recolle como Saúl Santím Da Branca confessa ter violado a umha moça há três anos. Pese o reconhecimento dos feitos, umha indemnizaçom de 3.000 euros -sem entrar na cadeia-semelha ser abondo para a 'reparaçom' dum delito contra a indenidade sexual.

Ao enterar-nos de que Santím figurava como umha pessoa de alto grau político no nosso país

preguntámo-nos como pode ser que nenhuma voz denunciara bem alto esta aberraçom. Saul Santím formava parte da direçom Compromiso por Galicia, foi responsável da comarca de Compostela de CxG, ademais de número três por Lugo nas últimas eleiçoms galegas. Non é signo acaso da cumplicidade dos 'machos' das correntes que se chamam progressistas? O machismo é umha ideologia em si mesma, composta de estruturas, pautas e comportamentos que divide a classe e beneficia á burguesia e que só pode ser combatido desde o feminismo. Nom integrar o feminismo em qualquer processo que queira chamar-se transformador é o modo de promover que o machismo perdure.

Xoan Bascuas respondeu ao comunicado emitido polas compañeiras de Terra que denunciaron o caso, justificando o silêncio cúmplice do seu partido sustendo que Santím se dera de baixa havia umhas semanas. Da Branca era um membro destacado da direçom do partido quando violou a umha mulher no 2013 e que se procure justificar alegando a sua baixa há escasas semanas, coincidindo com a iminência do juízo, é símbolo de torpeza política. Ter um violador num partido -quanto mais na direçom!- é motivo de responsabilidade política, petiçom de desculpas e umha explicaçom pública e oficial ao conjunto de mulheres. Qualquer outro intento de paliativo converte-se num insulto á luta feminista. O patriarcado, nestes momentos,

esta-se a nutrir da cumplicidade de Compromiso por Galicia.

Declaramos a guerra a aqueles que deciden violar o nosso corpo porque amamos todo o que o patriarcado ódia. Trabalhamos dende a raiva das oprimidas e a alegria das sobreviventes que pese as adversidades se erguem e berram, as que nom deixam a nenhuma compañeira soia e as dispostas a dar a cara pola liberdade das mulheres.

Parabenizamos às compañeiras de Terra por ser as primeiras em erguer-se ante este caso. Mentres existamos, a "esquerda" o terá cru se quere proteger a agresores das mulheres, seja qual seja o tipo de agresom: "hoje protexen a Saul Santím e onte a Suso Sanmartín e mañá a calquera outro".

O acordo da UE-Turquia e o destino dos refugiados da Síria

Publicado em curdistam.blogaliza.com

No dia em que Davutoglu, primeiro-ministro da Turquia, reunia-se com os líderes da UE numa cimeira UE-Turquia para rematar o assunto dos refugiados, o presidente Erdogan contava-lhe aos seus partidários: “Nós já gastamos 10 bilhões \$ US em três milhões de pessoas. Eles prometeram-nos dar três mil milhões de euros; quatro meses passaram desde então e eu espero que o primeiro-ministro regressasse com esse dinheiro, os três mil milhões de euros.”

No entanto, quando Davutoglu foi a Bruxelas, chegou armado com todo umha nova série de demandas, levando grande parte da Europa umha surpresa.

Em cima dos três mil milhões de euros já prometidos, exigiu mais três bilhões, dobrando o valor inicial acordado. Davutoglu também exigiu mais pressão para negociar a adesão da Turquia à UE, bem como um abrandamento imediato do regime de visas da UE para os turcos – algo que tinha sido anteriormente proposto.

No entanto, o verdadeiro argumento decisivo do acordo foi a proposta destinada a parar todo o contrabando ilegal através do Mar Egeu, ao permitir a deportação em massa de refugiados desde Grécia de volta a Turquia.

Essa proposta tinha sido elaborada durante a recente visita do Presidente do Conselho Europeu Donald Tusk à Turquia, fazendo referência a um acordo para “quebrar o modelo comercial do contrabando”.

A esperança é que, com a readmissão na Turquia de todos os refugiados que atravessam o Mar Egeu até Grécia desde Turquia, os refugiados consideraram-na umha opção muito perigosa. Em troca, a UE prometeu que “por cada sírio readmitido pela Turquia das ilhas gregas, outro sírio seria reassentado da Turquia nos estados membros da UE”.

Juntamente com o anúncio recente da implantação de bar-

cos da OTAN no Mar Egeu para parar o contrabando irregular, este acordo tem como objectivo dar fim completamente ao contrabando de refugiados antes de que o tempo mude para melhor, permitindo um aumento das operações.

Já só este ano, 110.000 refugiados têm feito isso para a Grécia, de acordo com a Organização Internacional das Migrações (OIM), um nível 30 vezes maior do que no mesmo período do ano passado.

Enquanto alguns permanecem céticos sobre o assunto, outros estavam otimistas. “Esta é umha mudança real do jogo”, dixo o presidente da Comissão Europeia Jean-Claude Juncker. “Imos deixar claro que a única forma viável de vir a Europa é através dos canais legais.”

Europa está desesperada. A Turquia sabe que pode apertar o seu poder de negociação, e a Europa não terá outra opção senão aceitá-lo, sabendo muito bem que a UE quer pôr fim ao contrabando das rotas a qualquer custo.

No entanto, tal acordo pode muito bem ir contra os princípios fundadores da UE – como a reinstalação dos refugiados na Turquia não seria construído no princípio do direito das pessoas a um processo de asilo justo e robusto. Anistia Internacional emitiu um comunicado alegando que as propostas formam um “escárnio” da obrigação da UE de fornecer acesso asilo nas suas fronteiras.

“A União Europeia e os líderes turcos chegaram hoje a um novo mínimo, efetivamente o regateio afasta os direitos e a dignidade de algumas das pessoas mais vulneráveis do mundo”, dixo Iverna McGowan, diretor do Gabinete da Anistia Internacional para as Instituições Europeas.

“A ideia de permutar refugiados por refugiados não é apenas perigosamente desumanizante, mas também não oferece umha solução sustentável a longo prazo para a crise humanitária em curso. Enviá-los de volta para a Turquia, conhecendo a sua forte pretensão de protecção internacional provavelmente nunca mais será ouvida revela que as alegações da UE de respeitar os direitos humanos dos refugiados são palavras ocas”.

Erdogan está a pedir um resgate à UE?

Considerando o estado da democracia na Turquia nos últimos meses, culminando com a “aquisição” do maior jornal na Turquia a semana passada, Zaman, a demanda de Ankara das negociações para a adesão à UE veu como umha surpresa.

Dado que Erdogan tem a sua mirada na concessão de mais poderes a si mesmo através de um referendo no final do ano, o seu modelo de homem forte é claramente incompatível com a UE.

Em vez disso, Erdogan pretende contrariar as críticas crescentes ao seu governo de isolar a Turquia ainda mais geopoliticamente. Sabendo muito bem que a Europa nunca vai dar-lhe a adesão à UE, ele em vez disso procura resultados a curto prazo para mostrar ao público turco como prova do seu êxito.

A cimeira mais recente entre a UE e Ancara, em novembro, onde foi elaborado o acordo original de três mil milhões de euros em troca de umha repressão sobre as actividades de contrabando, aconteceu dias após a detenção dos importantes jornalistas turcos Can Dundar e Erdem Gül.

Da mesma maneira que a Europa tinha medo de criticar a Turquia sobre a aquisição do jornal Zaman antes que acontecesse esta cimeira fundamental, as mãos da Europa estavam, em seguida, amarradas sobre as detenções de Dundar e Gül.

Erdogan sabe jogar a Europa, bem consciente de que a Europa precisa mais da Turquia. Neste, a maneira agressiva em que Davutoglu chegou a Bruxelas armado com exigências mais duras foi uma maneira de mostrar quem está realmente ditando as regras.

Os grandes perdedores: os perseguidos, os refugiados vulneráveis

Os perdedores reais de um acordo desse tipo são os refugiados que fogem da perseguição e a guerra. Com esse acordo, a UE está retraindo-se da sua obrigação de fornecer asilo nas suas fronteiras.

Na Turquia, tampouco, não há nenhum procedimento para pedir asilo. A Turquia é um dos signatários da Convenção de Ge-

nebra sobre Refugiados de 1951, mas as suas responsabilidades limitam-se a aqueles que fogem da Europa.

Os refugiados da devastação da guerra no Oriente Médio são considerados oficialmente convidados temporários: isto significa que eles estão impedidos de trabalhar legalmente e são forçados ao emprego no mercado negro. É uma trapalhada extraordinária: os refugiados sírios têm acesso à assistência médica, mas os seus filhos não podem ir a escolas turcas.

A integração, nestes termos, é quase impossível – por isso é de admirar os sonhos dos sírios de melhores perspectivas na Europa.

Considerando o fechamento das rotas de contrabando, muitos refugiados serão forçados a ficar na Turquia. Mas tal futuro virá a um custo. Se a UE leva a sério desanimar os refugiados sírios de fazer a viagem desde Turquia a Europa, não faria mais sentido para eles persuadir a Ancara de tomar medidas concretas para integrar os dois milhões de refugiados na Turquia.

Caso contrário, muitos podem também optar por continuar fazer regularmente as rotas de contrabando, encontrar rotas alternativas que oferecem umhas maiores possibilidades de êxito.


Falei recentemente com um médico sírio que viveu durante anos em Istambul, sobrevivendo com trabalhos esporádicos como tradutor em umha agência de turismo antes de contrabandear-se para Grécia e, em seguida, fundir o resto da sua economia em ir à Alemanha.

Eu digem-lhe se as dificuldades da sua nova vida, em um país onde não conhece nem a língua, nem tem família – enquanto que na Turquia tinha ambos, mereciam a pena.

“Mas na Turquia eu era um médico que não podia trabalhar em um hospital”, respondeu. “Que tipo de futuro me espera a mim em esse país?”

Yvo Fitzherbert é um jornalista freelance da Turquia. Tem escrito sobre política curda, a guerra síria e a crise dos refugiados para diversas publicações turcas e inglesas.





Desmontando o andamio – Algunhas reflexións persoais tras o xuízo contra Mónica e Francisco

“O texto a continuación é unha reflexión extraída e traducida dende o blogue La Rebelión de las Palabras sobre o xuízo contra as compas Mónica Caballero e Francisco Solar, realizado os días 8, 9 e 10 de marzo na Audiencia Nacional de Torrejón de Ardoz, Madrid. A sentenza final absolveu ás compas dos cargos de “pertenza a organización terrorista” e “conspiración para cometer delitos de estragos terroristas”, pero a pesar da total imparcialidade do xuízo e do uso de probas manipuladas e falsas pola fiscalía, as compañeiras foron condenadas polos cargos de “estragos con finalidade terrorista” e “lesións terroristas”, co resultado de 12 anos de cárcere para cada unha, alén do pago, en concepto de indemnización conxunta de 22.775 euros á muller que sufriu danos nun ouvido no atentado que se lles imputaba ás compas, e de 182.601,75 euros ao Cabildo de Zaragoza (a pesar de que o Cabildo de Zaragoza retirouse coma acusación particular pouco antes de comezar o xuízo).”

Estes días, moitxs compañeirxs chegadx de distintos puntos do Estado español démonos cita en Madrid co obxectivo de amosar a nosa solidariedade e acompañar xs compas Mónica e Francisco no seu xuízo na Audiencia Nacional. Un bo grupo concentrouse no exterior do edificio, berrando consignas que lograron traspasar os muros e abrazar a Mónica e Francisco, cuxa actitude digna, firme e consecuente durante o xuízo foi tamén para moitxs de nós un empurrón, un alento, un motivo máis para sentirnos cómplices e decidídx a seguir adiante, sexan cales sexan as artimañas que o inimigo poida

tramar para pecharnos. Mentres, outrxs tantxs puideron entrar á sala. Para enterarse mellor dos pormenores de cada unha das sesións, recoméndovos moito a lectura dos 3 resumos que foron publicados por outrxs compañeirxs no Indymedia Barcelona [1]. O obxectivo deste escrito non é tanto relatar os feitos senón deles, compartir reflexións do durante e do despois, coa fin de tentar achegar un pouco máis a situación a compañeirxs doutros territorios do planeta ou do propio Estado español pero que polas razóns que fosen non puideron desprazarse a Madrid.

“Non importa o que ocorra, porque o fódido é que a sentenza xa estaba escrita antes do xuízo, pero como sempre a democracia precisa un paripé que lexitime a súa represión.”

Non lle falta razón, e aínda que podería matizarse e completarse ata o infinito, esa afirmación súa aínda que simple reflicte bastante ben un sentimento que comparto. E é que o xuízo contra Mónica e Francisco non foi máis que un teatro, unha obra representada sobre os escenarios mediáticos e xudiciais nos que o sistema lexítima e válida socialmente todas as súas cadeas, onde os cadeados e as sogas que encerran e estrangulan ás súas adversarixs toman a forma de ficheiros, e de declaracións e probas tan falsas como a máscara de presunta imparcialidade e obxectividade tras a cal unha xuíza covarde e prepotente rise de nós.

Din por aí que a Xustiza (así, en maiúscula, coma unha institución suprema de criterio absoluto) é obxectiva, que é cega, que é (ou debería ser) imparcial. Non obstante, quen levamos un tempo neste lado das cousas sabemos moi ben que todos eses mitos só convencen ao cidadán medio, feligrés ad-hoc da relixión democrática.

No que a nós respecta, o xuízo cumpriu (e quizá superou) as

nosas expectativas. Nin o tan hilarante como irrisorio desprezamento de “probas” presentadas pola fiscal e polxs distintxs peritos policiais, nin a constante e descarada tentativa por parte da xuíza de entorpecer/silenciar/obstaculizar as declaracións da defensa (especialmente aquelas menos convenientes para a súa andamiaxe represiva, dado que desarticulaban as falacias que a apontoan) sorprendéronnos, aínda que si fixeron aflorar unha vez máis a ira e a impotencia, sentimentos aos que estamos tristemente acostumadx.

Nin impresións dixitais nin ADN dxs compañeirxs foron atopados nin nos restos do explosivo detonado na Basílica do Pilar de Zaragoza nin na cabina telefónica usada para facer a chamada que deu o aviso de bomba; Os supostos vídeos de seguridade, aínda que segundo a fiscal e os peritos policiais amosarían a persoas con “a vestimenta e o xeito de andar” (¿?) de Mónica e Francisco, carecen da calidade mínima estipulada (en canto a cantidade de píxeles e definición das imaxes) para servir como proba, e ademais as análises antropométricas realizáronse en relación a imaxes recollidas aleatoriamente de internet (tal e como os propios peritos policiais recoñeceron nas súas declaracións) sen poder estar seguros de se esas fotografías foran modificadas ou alteradas mediante programas e aplicacións de montaxe fotográfica, e isto por non falar de que non hai unha soa das imaxes de cámaras de Zaragoza onde se vexa xs compañeirxs ou a alguén que se lles pareza, limitándose todo a imaxes do Metro de Barcelona, cidade onde elxs residían; Non houbo rastro algún dos presuntos “boletíns internos” dos GAC que xs compañeirxs posuían, nin tampouco ningún documento que certifique os supostos “achados” dos madeiros, como as “notas sospeitosas” en “cadernos de tapa negra” ou os supostos “manuscritos”; As mentiras pronunciadas pola acusa-

ción na sala cando dixeron que Mónica e Francisco foran condenadx por terrorismo en Chile (dentro da Operación “Salamanca”/Caso Bombas) e que a súa absolución debeuse a un “erro procesual” (¿?) son directamente falsas; Ademais, as 4 testemuñas que presentou a defensa confirmaron as declaracións que no seu momento deron á policía, nas cales ningunha das características que describiron dxs individuos que lles chamaron a atención (idade, aspecto, acento da fala...) correspónden-se coas de Mónica e Francisco, e isto por non falar de que, a pesar de que mantén as acusacións por estragos e lesións e continúa solicitando unha condena de varios anos de cárcere (aínda que de 12 anos e medio, moito menor que a petición de 44 anos que solicitou a fiscalía) e unha indemnización de máis de 100.000 euros, o avogado da muller que dixo sufrir dano nun ouvido por mor da explosión do artefacto por cuxa colocación se acusa a Mónica e Francisco retirou a acusación por terrorismo, recoñecendo a pesar de ser parte da acusación que non existen probas reais que confirmen que a FAI/FRI é unha organización terrorista (dado que desde 2009, de feito, non figura como tal na Disposición Europea, dato que, por certo, os “profesionais” peritos policiais descoñecían cando tentaron soste os seus argumentos apuntando que na disposición de 2001 si aparecía). En fin, nin unha soa proba consistente máis aló das declaracións de testemuñas da fiscal (que casualmente, son TODXS policía) baseadas exclusivamente en innumerables imprecisións e probas inválidas que a defensa, afortunadamente, puido ir refutando e desmontando unha por unha, para escarnio da xuíza e os seus colegas.

Podería poñerme a esmiuzar todas as especulacións e fantasías de película ianki de acción que unha das peritos policiais que declarou para a acusación soltou ao redor da suposta vinculación

de Mónica e Francisco cos GAC e á suposta conexión destes coa Federación Anarquista Informal. Con todo, ademais de que debo recoñecer que dame bastante preguiza, interésame centrarme aquí nun aspecto particular disto, en concreto na persistente tentativa do Estado por criminalizar e converter en proba xudicial os lazos de afinidade e solidariedade que unen xs compañeirxs máis aló das fronteiras e as distancias. Durante esa parte do xuízo, correspondente á segunda sesión, feitos como a contribución de Mónica ao libro “Mapeando o lume” [2] (editado en distintos territorios e idiomas e que contén palabras de diversxs compañeirxs anarquistas presxs ao redor do mundo en solidariedade cxs presxs anarquistas da Conspiración de Células do Lume en Grecia), ou como os saúdos solidarios que anarquistas presxs doutras partes do planeta enviaron no seu día a Mónica e Francisco (mencionáronse o chamamento ao Decembro Negro dos compas Panagiotis Argyrou e Nikos Romanós desde Grecia [3] e un comunicado reivindicativo dunha acción de sabotaxe realizada en Barcelona no marco desta mesma campaña, por exemplo) convertéronse por encantamento en “evidencias” da presunta “perenza” de Mónica e Francisco a FAI/FRI (coma sempre, partindo da base de que a FAI/FRI posúe algún tipo de estrutura formal/fixa, con determinados “liderazgos” e roles marcados, o cal simplemente é falso) e por tanto en elementos importantes para a aplicación de sentenzas condenatorias. Non entendo (nin me importa) en que medida unha persoa é responsable de que outrxs lle envíen saúdos ou lle dediquen as súas accións, pero si é fácil dilucidar e resolver as intencións que tal exercicio de criminalización trae consigo. O que se busca e pretende é silenciar e afogar calquera berro que cruce as fronteiras, que voe sobre os muros que esta sociedade enferma levanta compulsivamente ao noso redor, e supere as barreiras que imponen as elites para agarrar o rostro de quen permanece baixo chave, noutro punto xeográfico, noutro momento, pero baixo as mesmas regras demeritais. É importante incidir sobre isto, pois casos anteriores de estrutura e desenvolvemento similares aos da Operación Columna e aos deste xuízo derivado da mesma indécans que a solidariedade se paga cara, e que mesmo cando son unhas simples palabras de afecto, sen máis vínculo que o agarimo que, ao saber das súas palabras e feitos consecuentes, espértannos determinadas persoas engaioladas ou non, o atrevemento de saudar a aqueles a quen o Poder quere ver illados, sós e acurrallados, ten consecuencias. Igual

de destacables son os intentos (unha vez máis) por parte dalgúns peritos policiais, e da xuíza e a fiscal, de presentar o apoio mutuo e a solidariedade como prácticas exclusivas da FAI/FRI (?), coma se a solidariedade e o apoio que distintxs presxs anarquistas (á marxe de se foron ou non encarceradxs por accións reivindicadas no seu momento baixo estas siglas) mostráronse entre si fosen factores determinantes á hora de afirmar a perenza das devanditas persoas a esa organización. Por esa regra de tres, todas as persoas que algunha vez escribimos unha carta a compañeirxs presxs, ou que participamos en concentracións e manifestacións de apoio, ou que repartimos panfletos e pegamos carteis informativos, ou que difundimos ou solidarizamos de calquera xeito con anarquistas prisioneirxs, poderíamos ser propensas a ser sinaladas como supostos membros desta organización? Calquera que se documentara minimamente sobre os aspectos máis básicos e superficiais da teoría e práctica anarquista sabe perfectamente que a solidariedade e o apoio mutuo son valores e actitudes propios de toda persoa que se diga anarquista, xa que, cos seus moitos matices e diferenzas segundo o criterio da persoa á que preguntes (non todxs entendemos a solidariedade ou o apoio mutuo do mesmo xeito, aínda que compartamos unha base de mínimos común), ambos fortalecen a negación deste mundo, e expoñen a cooperación e a relación entre iguais como oposición a un mundo baseado na competitividade, o canibalismo social e o illamento, onde se nos empurra continuamente a entregarnos a unha malograda cultura do capricho irracional sen prestar atención ás consecuencias que os nosos actos teñen para outrxs, nin ás opresións ás cales estamos a contribuir con eles. A criminalización e os esforzos renovados por facer da solidariedade e do apoio mutuo elementos de sospeita non son casuais e responden á desesperación dos represores por illar toda práctica non recuperable e non asimilable polo seu sistema.

“A solidariedade e o apoio mutuo non só deberían ser unha práctica anarquista senón da humanidade no seu conxunto... Morte ao Estado e viva a anarquía!”

- Extracto da última declaración da compa Mónica Caballero durante a sesión final do xuízo antes de ser interrompida pola xuíza (que irritada e amolada pola actitude firme dxs compañeirxs desquitouse desaloxando toda a sala e expulsando xs solidarixs entre berros de apoio a Mónica e Fran).

Ademais de todo o expresado ao redor da criminalización da so-

lidariedade e do apoio expresado por parte doutrxs presxs tanto por parte doutrxs presxs como por parte de individualidades afíns na rúa, tamén quería mencionar outro aspecto da retórica da fiscal, que apunta neste caso ao intento, tamén persistente, de criminalizar os nosos medios de contrainformación. Durante os seus interrogatorios xs compañeirxs Mónica e Francisco, a fiscal da Audiencia Nacional Teresa Sandoval formulou varias preguntas xs compañeirxs (que se negaron a responder e só contestaron as preguntas das súas avogadas) entre as cales estaban as seguintes:

“Ten un folleto titulado ‘O Pracer armado?’”

“Usa a páxina web contrainfo.espiv.net?”

“Usa o correo electrónico riseup?”

Estas preguntas, aparentemente simple froito da ignorancia da fiscal sobre os temas que estaba a tratar, non teñen nada de inocentes.

En primeiro lugar, a mención por parte da fiscal do texto “O pracer armado” [5] de Alfredo Maria Bonanno chama a atención, sobre todo por tratarse dun escrito cuxa publicación e difusión en Italia trouxo consigo tamén casos represivos do máis estrambótico. Lembremos que ao seu autor, Alfredo Maria Bonanno, escribir ese texto custoulle 18 meses de cárcere e que o Estado italiano levou a cabo unha queima de libros por todo o país e todas as librerías, bibliotecas ou editoriais que tiñan un exemplar recibiron unha carta do Ministerio do Interior ordenando a destrución destes e a pesar de que algúns libreiraixs ou bibliotecarixs negáronse a destruír os volumes comparando con moito acerto esa medida coa queima de libros dxs nazis tanto a súa difusión como a súa consulta están actualmente prohibidas en Italia, o que demostrou onte e segue demostrando hoxe o incómodo que resulta o seu contido a fiscais, xuíces e madeiros. Cando hai uns anos a Operación “Salamandra” (nome oficial do mediáticamente denominado Caso Bombas) sacudiu varios espazos anarquistas en Chile iniciando a caza de bruxas que hoxe nos trae ata aquí, lembremos que Carlos Aqueveque Bastidas, membro da DIPOLCAR chilena e perito que se encargou entón de realizar unha “análise” dos comunicados reivindicativos dalgunhas das accións que, por entón, imputábanse xs acusadxs (entre xs cales estaban Mónica e Francisco) xa tentou torpemente vincularlles con Bonanno, demostrando que a Operación “Salamandra” (e a súa extensión no Estado español, a Operación Columna) son unha copia cutre

do denominado Proceso Marini, polo cal Bonanno, xunto a outrxs anarquistas italianxs, foron detidxs e procesadxs acusadxs tamén de pertencer a unha suposta “organización terrorista” que a fiscalía se inventou. Agora, o pobre Bonanno volve a ver aparecer o seu nome nun proceso contra anarquistas, aínda que polo menos, como podemos comprobar, algúns medios de comunicación chilenos nin sequera molestáronse en contrastar a información, e referíronse a él como Roberto Maria Bonanno, e non como Alfredo. [6]

Por outra banda, é sabido por todxs nós que determinados medios tecnolóxicos, e Internet especialmente, serven aos fins da dominación. O control social incrementábase e aumentaba as súas facultades cada día que pasa grazas aos avances tecnolóxicos que empresas e corporacións de todo tipo poñen a disposición de corpos policiais, militares, xudiciais e demais, mentres que aos medios disidentes resúltanos cada vez máis complicado adecuarnos ás necesidades da nosa seguridade persoal e colectiva en cada momento. Actualizar unha cultura da seguridade é importante (e isto dígoos sendo consciente das miñas propias carencias neste tema, e de que eu mesmo necesito poñerme as pilas con iso) e unha parte do abanico de ferramentas das que dispoñemos para iso é o servidor norteamericano Riseup, unha plataforma de correo electrónico administrada e sostida por e para medios e individualidades activistas, que non cede ás chantaxes de madeiros e xuíces que esixen información das súas contas, e que fan un gran traballo por preservar e mellorar a seguridade das súas usuarixs. Debido a isto, non é a primeira vez que o uso de correos electrónicos Riseup é empregado como elemento de sospeita contra compañeirxs en xuízos. Aquí, na Península Ibérica, podemos citar sen ir máis lonxe as declaracións do xuíz Bermúdez da Audiencia Nacional no contexto do proceso contra xs 11 anarquistas detidxs en Barcelona dentro da Operación Pandora, cando entre outras cousas, o xuíz sinalou como indicio para xustificar o seu encarceramento preventivo que ***“os acusados usaban correos con medidas de seguridade extremas, como riseup.net”***. [7]

Ao respecto da pregunta da fiscal sobre se xs acusadxs consultan ou non a páxina web de contrainformación anarquista Contra Info, isto tampouco está exento de importancia nin de precedentes. Axs representantes do Poder sempre lles preocupou o traballo que as webs de contra-

información anarquista como Contra Info, como este mesmo boletín, ou como tantas outras webs, blogs, xornais e publicacións, realizamos ao dar voz e eco na medida das nosas limitadas posibilidades a todas aquelas visións, noticias, ideas, reflexións, debates e materiais que cuestionan a orde dominante desde unha óptica antiautoritaria e revolucionaria. Proba diso é a detención en xullo de 2012 dentro da Operación Ousadía de Elisa di Bernardo e Stefano Gabriele Fosco, dous compañeirxs italianxs que administraban un blogue de contrainformación anarquista chamado Culmine. Arrestadxs xunto a varixs compañeirxs máis, foron acusadxs, entre outras cousas, de instigar/facer apoloxía da comisión de actos terroristas por difundir e dar espazo a comunicados reivindicativos de accións ou a cartas e palabras de prisioneirxs anarquistas, de acordo a unha presunta violación da lei de información. Apuntaban xs compañeirxs Stefano e Elisa nunha entrevista concedida en 2012 axs compañeirxs da publicación anarquista Aversión [8] o seguinte:

“Estamos plenamente convencidxs de que estamos a vivir un período novo dentro do anarquismo. Os blogues e os sitios web permiten a difusión de comunicados, escritos e elaboracións de maneira veloz en todos os lugares do planeta, que permiten o intercambio de ideas e propostas entre compañeiros e compañeiras que probablemente non terían nunca a posibilidade de atoparse fisicamente. Trátase dunha verdadeira revolución nas relacións entre anarquistas. Somos ben conscientes dos grandes límites presentes nesta nova maneira de relacionarse, xa sexa porque o instrumento utilizado non é neutro, senón que está xestionado e controlado polo inimigo, como porque os riscos que hai son moi elevados, como ocorreu con Culmine, o cal con todo non elixiu o anonimato.”

Polo tanto, comprobamos como os métodos e a estratexia represiva seguidos pola Audiencia Nacional non crean un escenario puntual nin illado senón que reproducen os mesmos montaxes torpes pero non por iso menos perigosos que vimos antes en Chile, Italia, e outros territorios. Os intentos por perseguir e criminalizar socialmente ferramentas como as ferramentas de cifrado e seguridade informática ou as páxinas web de contrainformación son só unha parte dun armazón represivo moito máis amplo e complicado que nos afecta a todxs, e que é priori-

tario ter presente sempre que o Estado, o Capital e os seus secuaces pretendan empregar a falacia infame para encarcerar axs nosxs compañeirxs ou a nós mesmxs.

Dito isto, persoalmente non quixera adiantar acontecementos sobre cal será a sentenza, e ademais penso que non ten demasiado sentido poñernos a especular sobre o que podería ocorrer ou sobre cal pode ser o desenlace do xuízo. Vexo a utilidade que tales diálogos teñen dentro de círculos afíns máis íntimos e próximos, como valoración de posibilidades e reflexión conxunta, pero non no público. O que teña que vir, virá, e tocaranos (sobre todo xs compañeirxs Mónica e Francisco) afrontalo coa mesma integridade e ánimo cos que ata agora estivemos solidarizando e afañando teoría e prácticas, cos nosos erros e acertos e desde as distintas adversidades, contradicións e límites que expoñan os nosos escenarios e circunstancias particulares. Con todo, é importante lembrar que, como xa dixeron e escribiron outrxs compañeirxs antes ca min, definírnos como persoas opostas a este mundo e os seus valores, esquemas e maneiras implica inevitablemente establecer un enfrontamento. Que poderíamos esperar do noso inimigo principal neste enfrontamento salvo un esforzo e desexo de destruímos? Nada. Non esperamos nada da Democracia, nin dos seus xuíces, nin dos seus policías, fiscais, xornalistas mercenarios e mentireiros, carcereiros e tecnócratas salvo o seu desexo sincero de eliminarnos, de esmagar e enterrar a disidencia, sexa a dous metros baixo terra ou baixo as non menos terribles lápidas do illamento carcerario. Por iso, lamentarse das estratexias represivas articuladas polo inimigo, ou medir tales estratexias segundo se son ou non “farsas”, se son ou non “xustas”, se pretenden ou non “culpabilizar” a “compañeirxs inocentes” etc. é un erro que debemos ir pulindo, pois aínda que todxs (eu incluído) caíamos con frecuencia nesa vara de medir, son os seus valores os que se representan aí, non os nosos, e non digo con isto que debamos calarnos e sobrelevalos cada vez que o Estado tente encarcerar xs nosxs compañeirxs con acusacións froito da súa perversa e maquiavélica imaxinación, porque facelo sería validar tales métodos e procedementos, e iso é inaceptable. Só digo que se cadra debemos reformular as formas de expresar a nosa frustración e a nosa rabia ante iso.

“Cada hora sentada no banco dxs acusadxs síntome sucia de ser parte deste proceso democrático, non teño nada que probarlle a ningún xuíz, a única opinión que me importa é a dos meus cómplices do crime de loitar pola liberdade e a anarquía. Quérese encarcerar por non bicar a cruz do arrepentimento, por non baixar a cabeza. O panorama é difuso... poida que logren encarcerar o meu corpo agora ou quizais nun futuro próximo... xs disidentes do Capital teñen unha pasaxe reservada ao cárcere; son os custos de querer expropiarlles as nosas vidas axs verdugos dos amantes da orde.”

- Extracto da contribución da compañeira Mónica Caballero ao libro “Mapeando o lume”.

Os nosos afectos, as nosas afinidades, as nosas complicidades, as miradas que intercambiamos, os corazóns encolléndose cando lemos as palabras ou escoitamos as declaracións valentes dxs nosxs ante as inquisicións modernas da Audiencia Nacional ou de calquera outro tribunal non teñen prezo, non son valorables segundo criterios de legalidade ou de culpabilidade e inocencia, e non poden ser comprendidos por quen consagrachedes as vosas tristes e noxentas vidas a manter custe o que custe unha orde social que se ergue sobre a maior das hecatombes, sobre millóns de cadáveres, sobre unha natureza morta e podre, e sobre innumerables soños enterrados.

Algún día, a liberdade brotará das cinzas da ignominia capitalista. Ata entón... Facemos nosas as palabras dxs nosxs compañeirxs Mónica e Francisco ante a xuíza, e deixamos aquí plasmado o noso forte desexo de que pronto poidan volver pisar a rúa e apertar axs seus seres queridxs...

“Si, son anarquista porque entendo que é a liberdade afastada de toda coacción. Penso que a creatividade individual xorde cando non hai autoridade nin ordes nin mandamentos reitores, que só atrofian e degradan a conduta humana. O Estado implica subordinación e é contrario a todo intento de liberdade, implica tamén a existencia de usureiros e explotadores...”

- Extracto da declaración do compañeiro Francisco Solar, antes de ser interrompido pola xuíza miserable, que tentou calar axs compañeirxs.

A solidariedade é a nosa mellor arma!

Forza e decisión a Mónica e Francisco! Forza e decisión axs que loitan!

Morte ao Estado e viva a anarquía!!

--

Notas:

[1] Para ler os enlaces aos resumos das sesións do xuízo:

Primeira sesión: <http://barcelona.indymedia.org/newswire/display/503064/index.php>

Segunda sesión: <http://barcelona.indymedia.org/newswire/display/503088/index.php>

Terceira sesión: <http://barcelona.indymedia.org/newswire/display/503110/index.php>

[2] O libro “Mapeando o lume” atópase dispoñible (en castelán) para consultar online ou descargar gratuitamente en: <https://es-contrainfo.espiv.net/files/2013/08/mapeandoelfuogolectura.pdf>

[3] Dispoñible en: <https://abordaxe.wordpress.com/2015/11/11/prisons-gregas-por-unha-nova-posicion-de-combate-da-insurreccion-anarquista-por-un-diciembre-negro/>

[4] Dispoñible en: <https://abordaxe.wordpress.com/2015/11/30/barcelona-sabotaxes-e-comunicado-ante-os-ataques-do-poder-a-ofensiva-continua/>

[5] O texto “O pracer armado” atópase dispoñible (en castelán) para consultar online ou descargar gratuitamente para consultar online ou descargar gratuitamente en http://vozcomoarma.noblogs.org/files/2016/03/BonannoAM-La_Gioia_Armata.pdf

[6] “Un exemplar del periódico anarquista El Pesol Negro y las fotocopias de El Placer Armado del afamado insurreccionalista italiano Roberto María Bonanno, con parágrafos subliñados”

Enlace a unha captura de pantalla que mostra o “descoído” do falsimedio chileno La Tercera:

<http://vozcomoarma.noblogs.org/files/2016/03/la-tercera-mentira.png>

[7] “A seguridade non é un crime” polo colectivo Riseup ó respecto das declaracións do xuíz Bermúdez, inquisidor da Operación Pandora: <https://abordaxe.wordpress.com/2015/01/07/a-seguridade-non-e-un-crime-x-riseup-o-respeito-das-declaracions-do-xuiz-bermudez-inquisidor-da-operacion-pandora/>

[8] A entrevista atópase dispoñible en castelán para a súa lectura aquí: <https://vozcomoarma.noblogs.org/?p=377>



No mundo dos patróns todos somos estranxeiros

Texto do Grupo Autónomo da Facultade de Física de Tesalónica (Grecia), escrito sobre a cuestión migratoria.

Durante o último ano estamos a seguir de preto e con angustia o drama que se está desenvolvendo no tema dos inmigrantes (refuxiados). A sociedade grega e os medios de desinformación masivos de súpeto mostraron «sensibilidade» e unha careta caritativa cara aos inmigrantes, mentres que hai uns anos facíase referencia a eles da peor maneira. Tamén, vemos que unha parte da sociedade non dubida en expresar os seus reflexos racistas. Non temos, con todo, ilusións sobre a xestión das relacións de Poder que ocorren ao noso arredor.

Desde logo, o que se nos escapa é que sempre houbo inmigrantes, sendo a parte máis extremadamente infravalorada (menosprezada) da sociedade. Debido á situación en que se atopan, son discriminados e explotados, polo que en períodos de desenvolvemento constitúen a man de obra barata do Capital, mentres que en tempos como o actual, que aumentou significativamente o número dos inmigrantes no medio dunha crise financeira, o capitalismo europeo non é capaz de explotalos e absorbelos, así que os cualifica como man de obra excedente e redúceos a unha parte do problema (migratorio).

Durante os últimos meses vimos como a Soberanía xestiona problemas como as discriminacións, a reclusión, os valos e a represión.

Fíxose unha discriminación entre refuxiados e inmigrantes. Os primeiros son os que foron botados dos seus países debido a guerras, enfermidades ou desastres naturais, polo que se lles dá o dereito de cruzar a fronteira. Todos os demais son cualificados como inmigrantes (termo que durante os últimos anos adquiriu un carácter negativo na sociedade grega), xa que a fuxida do seu país de orixe foi debida a motivos económicos, políticos e outros. Estes motivos non son suficientes para que sexan considerados «axeitados» de entrar en Europa, polo que poden afogarse nas augas do Exeo. Desde logo, se teñen «sorte», serán devoltos aos seus países de orixe con procesos curtos. Os que non logran entrar en Grecia, darán coa «hospitalidade» grega, a cal está constituída por controis puntillosos, a súa reclusión durante un tempo indeterminado nos campos de concentración modernos baixo condicións miserables, e desde logo a represión cruel de calquera tentativa de opoñerse a estas condicións.

Ao mesmo tempo as fronteiras seguen reforzándose con tropas do Exército e con estruturas permanentes, dificultando aínda máis a entrada (dos inmigrantes) en Europa, e contribuíndo ao aumento dos que tentan entrar nela.

Simultaneamente, a través dos medios de desinformación masivos, o Estado trata de coar a súa careta humanitaria, valéndose ao máximo das súas posibilidades como medios de engano, e deixando a parte material-práctica da axuda aos inmigrantes ás Ong e aos fondos europeos. Así que temos unha chea de voluntarios e Ong, que cobren o baleiro que deixa o Estado. Os

primeiros sénteno como unha obriga moral ao próximo e ao país, e as segundas queren montar un negocio lucrativo. Xunto con empresarios especuladores está a montarse unha rede de economía e economía mergullada, asumindo o Estado o rol do garante da paz social. Isto nótase na súa tentativa de reprimir as estruturas horizontais de solidariedade cos inmigrantes.

É obvia a tentativa do Estado grego de machucar ao xa extremadamente menosprezado grupo social dos inmigrantes. Desde a súa reclusión nos campos de concentración, ata a retórica racista do Estado e os medios de desinformación, e a agudización dos reflexos racistas da sociedade, decatámonos do intento da Soberanía de ilegalizar a propia existencia dos inmigrantes. A súa reclusión nos centros de retención contribúe á súa exclusión social, e impídeos atoparse cos demais segmentos explotados da sociedade, e organizar as súas resistencias á explotación que están a experimentar.

Na tentativa de indicar aos inmigrantes como inimigo interno dos que son partidarios da identidade grega-ortodoxa (fascista), estamos a observar a fascistización dunha parte da sociedade grega. Esta fascistización maniféstase cos «cidadáns indignados» e os comités racistas de veciños, quen se volve contra os inmigrantes, temendo «pola súa seguridade e a desvalorización das súas fortunas». Moitas veces estes comités son alimentados ou apoiados por varias facetas organizadas do Poder (maderos, medios de desinformación masivos, Mencer Dourado) con tal de reforzar as discriminacións falsas entre os segmentos indixentes da sociedade, e a eliminación das re-

sistencias colectivas contra as relacións de explotación.

Nós optamos por estar á beira dos parias desta Terra, non como expertos chamados a xestionar as vidas dos inmigrantes, senón como persoas que queremos edificar loitas comúns e relacións de igualdade entre eles e nós. Decatándonos da desvalorización extrema dos inmigrantes por parte do Estado e a patronal, deducimos que a ilegalización da vida dos humanos beneficia só ao Capital. O emprego mergullado, o traballo non remunerado, a exclusión social e por suposto a incapacidade de opoñerse ás condicións de vida miserables que experimentan, compoñen o conxunto da política contra os inmigrantes e da súa ilegalización.

Por conseguinte, esiximos a legalización da existencia de todos os e as inmigrantes, esiximos papeis para todos e todas, montando barricadas contra a ofensiva cruel do Estado e do Capital contra as nosas vidas. Esiximos que poidan organizarse xunto conosco, nos lugares de traballo, nas escolas, nas universidades, nos barrios. A través da edificación de redes de solidariedade e de procesos de loita que anulen as discriminacións entre nativos e inmigrantes. Creamos as relacións e condicións para a emancipación e a reivindicación da nosa dignidade e a nosa vida en común, lonxe das discriminacións e as distincións que se impoñen «desde arriba», así como coa nosa loita continua xunto cos oprimidos deste mundo.

Non hai gregos, non hai estranxeiros, non hai humanos legais e ilegais. Papeis para todos e todas. Loita continua contra a explotación da nosa vida, pola destrución de fronteiras, valos e campos de concentración.



Partisanas: A muller na resistencia armada contra o fascismo e a ocupación alemá (1936- 1945)

de *Ingrid Strobl*

Como se soe dicir, a historia neste mundo escríbena os vencedores (non as vencedoras, matizo). Xa o dicían quen, en inglés, falaron da his-tory (xogo de palabras entre a palabra "his", posesivo masculino, e a palabra "history", que significa historia) e contrapuxeron o termo "herstory" para falar da historia das mulleres, unha "historia" con posesivo feminino, unha historia feita por elas mesmas, con sangue, suor e bágoas, compartindo as trincheiras, a vida, a represión e a morte cos seus compañeiros masculinos que máis cedo que tarde traizoarían tamén a súa confianza, invisibilizando en moitos sentidos a súa participación para acaparar un mérito que non era seu (ou polo menos, non na súa totalidade).

Este libro poderíase considerar un exemplo de documento pertencente a esa "herstoria". O libro de Ingrid Strobl "Partisanas: A muller na resistencia armada contra o fascismo e a ocupación alemá" (1936-1945) ven de ser reeditado en castelán, logo dunha revisión e ampliación, de xeito compartido polas editoriais La Llevir e Virus. Trátase dun gran traballo historiográfico e de análise que explora a participación activa das mulleres nas distintas resistencias clandestinas armadas que se enfrontaron ás forzas de Hitler dende o seu ascenso ao poder no 1936 ata a súa derrota en 1945, pasando por todas as convulsións da 2ª Guerra Mundial. Unha participación como vos dicía silenciada, agochada, e mesmo perseguida tras a guerra, cando o papel da muller ficou limitado aos estereotipos da muller traballadora de fábricas de municións esforzándose por proporcionar armamento ao seu valente maridiño, ou peor, da muller que devota do traballo doméstico, agardaba que o seu home regresase ileso ao fogar.

A través de anos de intrépidas investigacións e entrevistas coas participantes, Ingrid Strobl socava a versión da historia patriarcal e revela as vidas de mulleres que empuñaron as armas, planearon execucións políticas de altos cargos fascistas e de colaboracionistas, colocaron bombas, sabotearon ferrocarrís e sufriron as torturas e a represión brutal dos asasinos nazis cando nalgúns casos foron capturadas. Alternando a análise política co relato, o libro revolve tanto a conciencia coma as emocións, dando a coñecer vivencias apaixonadas, valentes e abraiantes.

A autora, Ingrid Strobl, estudou Filoloxía Alemá e Historia da Arte nas universidades de Innsbruck e Viena. Obtivo un doutorado en Retórica no Terceiro Reich, e traballou en distintos eidos (dende o xornalismo independente ata o traballo de cineasta) ata asentarse coma escritora e investigadora freelance a finais dos anos '70. No ano 1989, Strobl foi detida e acusada de ter colaborado cunha organización terrorista, en relación á súa suposta pertenza ás Rote Zora (Raposas Vermellas), unha guerrilla urbana anticapitalista formada exclusivamente por mulleres e cun marcado carácter feminista que levou a cabo accións de sabotaxe e de ataque dirixidas tanto contra obxectivos simbólicos e eixes da economía (acompañados dunhas interesantes e novas análises criticando o desenvolvemento tecnolóxico, a relación entre o capitalismo e o patriarcado, ou a presenza do machismo dentro das propias filas revolucionarias) como, e sobre todo, contra as sedes e propietarios de negocios que reproducían a submisión e a desvalorización da muller (sex-shops, prostíbulos, tendas de moda, farmacéuticas...). Strobl foi acusada de ter participado supostamente nun atentado desta organización contra a compañía aérea Lufthansa (pola súa responsabilidade na deportación de persoas migrantes indocumentadas) baseándose exclusivamente no marcado carácter anticapitalista e feminista da súa literatura e no feito de que Strobl mercase un reloxo despertador da marca Emes-Sonochron, presuntamente do mesmo modelo que os usados como temporizador nos artefactos explosivos das Rote Zora. Strobl pasou dous anos e medio en prisión preventiva antes de ser liberada. Actualmente, segue escribindo e parte do seu traballo pódese consultar no seu blogue, ingridstrobl.wordpress.com (en alemán).

"As cuestións plantexadas polo libro - as maneiras nas que as mulleres, loitando a carón de outrxs por liberdades máis amplas, foron efectivamente obrigadas a desafiar os roles tradicionais, e as maneiras nos que eses desafíos foron resistidos, aceptados e/ou incorporados - toman cada vez máis resonancia no mundo contemporáneo. Para, obviamente, as mulleres que estiveron activas na resistencia armada, non só en Europa, senón tamén, en Alxeria, Kuwait, Irak, Palestina, Nicaragua, Arxentina, Perú e México. A lista continúa, pero a atención ós xeitos nos que a participación das mulleres da forma a movementos maiores e cambia as vidas desas mulleres segue sendo relativamente pouco común. Se este libro ilumina esas cuestións de novo, e leva a outrxs a explorar máis alá as múltiples dimensións de resistencia e os seus impactos multicausa nas participantes, fará unha contribución maior e continua tanto á loita escolar como política"

- Martha Ackelsberg (autora de "Free Women of Spain")

Radical ven do latín Radix, que significa Raíz. Cando falamos dunha loita radical, falamos dunha loita que vai á raíz mesma dos problemas, sen se distraer con cuestións periféricas de escasa relevancia, e loitas parciais incapaces.

Na loita contra as desigualdades de xénero, radical é destruír o sistema patriarcal, os seus esquemas e condicionamentos, sen centrarnos en "melloralo", porque non se pode mellorar a opresión.

Na loita contra o racismo, non queremos unhas "condicións mellores" nos CIE, non queremos unhas fronteiras máis permisivas, non queremos un modelo de integración baseado en que as persoas non brancas teñan os mesmos privilexios que as brancas. O que queremos é rematar con calquera CIE, con calquera fronteira e con calquer privilexio ou diferenciación estamental ou social en canto á etnia ou nacionalidade das persoas.

No relativo ao antiespecismo, non queremos gaiolas máis grandes, correas máis longas, non queremos que as infumables cidades dxs humanxs permitan entrar a cans nos bares, nin tampouco unha morte máis indolora ou menos cruel para os animais. Queremos abolir a explotación animal e as xerarquías arbitrarias baseadas na especie.

En canto á sociedade de clases, non aspiramos a ser parte da clase dominante, non queremos que o capitalismo reparta mellor as súas sucias miserias, non queremos unhas políticas máis sociais ou menos neoliberais, nin unhas estruturas de poder e xestión vertical supostamente máis participativas. Queremos destruír a sociedade de clases, queremos rematar con calquera xerarquía, con calquera autoridade, con calquer mecanismo de explotación ou dominación dunhx individuxs sobre outrxs, queremos reventar as fábricas que nos rouban o ceo despechado e o aire limpo, queimar as cidades e as súas periferias carcerarias, prender lume aos concesionarios e aos seus coches, derrubar as autoestradas, sementar montes nos seus cascallos.

Non nos vale a reforma, porque reformar ou humanizar o Capitalismo é igual que perfumar a merda.

Disnomia.